

MANIFESTO DO PROFESORADO DO IES FERNANDO BLANCO DE CEE

Este ano 2026 conmemorase o 140 aniversario da inauguración do Instituto Fernando Blanco de Cee. A visión filantrópica e compromiso coa educación de D. Fernando Blanco de Lema permitiu que este centro fora unha ferramenta fundamental para o progreso social, cultural e económico da Costa da Morte en xeral e da nosa localidade en particular. Ese espírito fundacional continúa a ser hoxe o piar da nosa labor docente.

Porén, o paso do tempo e a insuficiencia de investimentos están poñendo en serio risco este legado. O IES Fernando Blanco presenta relevantes deficiencias estruturais que foron comunicadas de forma reiterada ás Administracións correspondentes tanto polo actual Equipo Directivo como polos anteriores. No entanto, as administracións competentes seguen sen dar resposta efectiva a estas demandas. Esta situación non só acelera a deterioración das instalacións, senón que compromete gravemente a seguridade, o benestar e a calidade educativa que merecen tanto o alumnado como o persoal do centro.

Como profesorado, negámonos a normalizar esta situación de inacción prolongada. Non podemos nin debemos poñernos de perfil, polo que poñemos en coñecemento da opinión pública os problemas máis graves que afectan ao noso instituto.

- Os **tellados do edificio principal** precisan dunha **profunda reforma** xa que existen **filtracións de auga** que chegan ás aulas. Estas filtracións provocan a deterioración progresiva das estruturas e supoñen un perigo real para todas as persoas usuarias. O alumnado está recibindo clase entre caldeiros de auga e periódicos no chan, o que xa ten provocado máis dun accidente.
- A **estrutura metálica** que cobre o **paso exterior** que comunica o edificio principal cos edificios anexos atópase oxidada e **deteriorada**, sostendo placas de uralita cubertas de musgo, follas e ramas. Isto constitúe un risco evidente para calquera persoa que transite por ela. Débense retirar os materiais perigosos e substituír por completo esta cuberta.
- Existen **graves deficiencias** no **sistema eléctrico**, especialmente no edificio do taller de Automoción, onde saltan con frecuencia os automáticos e os diferenciais. A iluminación exterior do centro non está adaptada á humidade e non pode utilizarse en días de choiva sen risco de cortocircuíto.
- O **quecemento das instalacións** é claramente **insuficiente e obsoleto**, tanto polo sistema empregado como polos materiais illantes existentes. Estes deberían ser substituídos por un sistema moderno de climatización que permita achegar calor e refrixeración cando se precise e reducir a elevada humidade ambiental.
- A maioría das **aulas** do centro están **masificadas**, o que non permite unha impartición adecuada da docencia nas aulas de referencia e nos laboratorios. En particular, destacamos o espazo destinado á materia de Educación Física (que non cumpre coa normativa da propia administración) e a carencia de vestiarios para o alumnado da familia profesional de Automoción.
- Hai máis dun curso académico que non se cubre unha **praza vacante en conserxería**. As características do noso centro fan imprescindible a presenza de dúas persoas en conserxaría xa que, cando algún dos espazos do centro require atención, esta queda desatendida.

- As **condicións do tráfico na contorna do centro**, sobre todo en períodos de grande afluencia, supón un risco evidente para a comunidade educativa. A circulación de vehículos a velocidades excesivas, o deficiente sistema de circulación e a ausencia e deterioración da sinalización vertical e horizontal xa teñen provocados accidentes e situacións de perigo.

Polo tanto, o profesorado asinante deste manifesto esixe ás **administracións competentes** que **asuman a súa responsabilidade e actúen de maneira urxente, planificada e decidida** para solucionar estas problemáticas. Esta situación afecta a seguridade das persoas, a calidade do ensino e o respecto debido a unha institución histórica e emblemática da Costa da Morte.

Defender o IES Fernando Blanco é defender o legado de D. Fernando Blanco de Lema, defender a educación pública e defender o dereito do noso alumnado a aprender nun centro seguro, moderno e acorde ao século XXI. A inacción institucional non pode seguir sendo a resposta.

Cee, 28 de xaneiro de 2026.